

Nel análizase a magnitude da obra dramática traducida nos últimos anos e, tamén, as diferentes causas que puideron levar a determinadas seleccións de importación de certas obras teatrais. O autor repasa as distintas etapas na historia do sistema teatral en Galicia e destaca as súas características durante o século XX. Por último, Vieites ofrece as principais conclusións obtidas da súa investigación.

No capítulo final, as autoras Iolanda Galanes Santos e Silvia Montero Küpper presentan as principais conclusións tiradas do estudo da evolución da obra estranxeira traducida cara ao galego dende a década dos 80. Para rematar, as autoras aluden á necesidade de investigar novas vías por medio das cales sensibilizar a sociedade en relación cos bens culturais.

Tal como se expuxo ao inicio desta recensión, o grupo BITRAGA da Universidade de Vigo culmina con esta publicación a exposición da situación da tradución entre a literatura galega e outras culturas, esta vez centrándose nas obras doutras linguas que se traduciron cara ao galego. Un traballo de investigación que amosa ao lector as circunstancias e evolución da mesma dende o punto de vista da importación, con exposicións que pasan polos diferentes xéneros literarios e o traballo e avances que se acadaron durante os últimos corenta anos.

Lúa CRUZ FERNÁNDEZ

FERNÁNDEZ NAVAL, Francisco X. (2014): *O soño galego de Julio Cortázar*. Ourense: Linteo, 344 pp.

Este texto preséntanos a traxectoria de Cortázar cos galegos que compartiron parte da súa vida en Buenos Aires —o autor prefire esta denominación para a capital porteña, en lugar de Bos Aires. O libro está cheo de datos, anécdotas, contos... En relación a esta obra cómpre subliñar que se trata da continuidade duns estudos que o autor, Francisco X. Fernández Naval, comezou alá polo 2004, é dicir, xa van aló máis de dez anos. Nada máis comezarmos a lectura sabemos que nos atopamos fronte a un agrandamento das pouco coñecidas relacións de Cortázar cos galegos. *O soño galego de Julio Cortázar* semella a segunda parte de

*Respirar polo idioma (Os galegos e Julio Cortázar)* que o autor publicara en 2006. A obra que reseñamos aquí preséntanos como o encontro entre diferentes voces e perspectivas de intelectuais galegos que, nalgún momento, estreitaron lazos co autor de *Bestiario*. Todas estas relacións, como non podía ser doutro xeito, atópanse conectadas pola necesidade de dar conta do destino dun e doutros. Cunha división primaria do texto en tres bloques —“Galicia e Julio Cortázar”, “Julio Cortázar e os Galegos” e “Presenzas”— chegamos a un profundo coñecemento de lembranzas e, incluso, historias da retagarda, como é o caso dunha das fillas de Valle-Inclán, Mariquiña.

En “Galicia e Julio Cortázar” temos ata un total de once apartados. No primeiro —“Dende sempre”— aprendemos que as relacións entre o autor de *Rayuela* e Galicia non comezan con Aurora Bernández, senón antes; se cadra desde o seu nacemento. A segunda das partes é a adicada ao seu cuñado Francisco Luis Bernández, ao que coñece antes que a Aurora. De feito, na terceira sección, ela é a protagonista e así é como se nos vai debullando aos lectores a vida do matrimonio de Cortázar, pouco e pouco. En “Fardel de Exiliado” —título que tamén dá nome a un libro de poemas de Luís Seoane— encontramos información variada sobre Buenos Aires como destino do exilio galego, mais tamén sobre as actividades culturais que levaban a cabo, fundamentalmente creación de revistas e editoriais. A través de *Correo literario*, *Cabalgata* e *Nova*, na quinta parte, chegamos a coñecer máis polo miúdo a Cortázar e as súas relacións con Arturo Cuadrado, Luís Seoane e Lorenzo Varela, fundadores da revista *Correo literario*, sen esquecermos das seguintes, *Cabalgata* e *Nova*, nas que o autor arxentino colabora con traducións de relatos e publicación de contos propios. No apartado seis temos, de novo, información sobre unha das devanditas revistas, será *Correo literario*, pero tamén será tratado *Bruja* pois é nesta revista de intelectuais galegos onde Cortázar publica este relato. Aquí coñecemos o que di Aurora sobre tal conto xa que, na súa opinión, a presenza dos galegos e das meigas —sobre as que o arxentino tiña oído falar tanto— foi clave para a súa creación. No subcapítulo seguinte advertimos

a relación entre Rafael Dieste e Julio Cortázar, xa que este último chegara incluso a vivir no piso da rúa Lavalle de Buenos Aires do matrimonio Dieste-Muñoz. A parte oitava vai dedicada á amizade entre o noso protagonista arxentino e outro galego, neste caso Luís Seoane. Descubrimos, así, a relación estreita entre eles, xa que hoxe é unha sobriña deste artista a que posúe varios orixinais de Cortázar. Na novena sección afondamos un pouquiño máis na vida de Francisco Porrúa e na correspondencia que cruzaba con Julio. Ata cen cartas son testemuño do agarimo que ambos os dous se tiñan. “En Galicia”, penúltima parte do primeiro capítulo do libro, recóllense dúas viaxes de Aurora Bernárdez e Julio Cortázar á terra de Breogán, a primeira delas no ano 1956 e, un ano despois, en 1957, a segunda. E xa no derradeiro apartado, “Amizades serodias, coñecementos vagos”, proporcionánsenos unha serie de nomes de persoas –de novo galegos todos– que pasaron pola vida do noso autor: María Casares, Antonio Pérez Prado, José Ángel Valente, Leopoldo Nóvoa e Ramón Chao.

No segundo bloque do libro, “Julio Cortázar e os Galegos”, atopámonos perante catro seccións: “Retrato de cidade con xente ao lonxe”, “Enfermeira de día”, “A lingua e os seus arredores” e “Galegos de novela”. Coñecemos, devagar, da man de Francisco Fernández Naval os personaxes galegos das obras de Julio Cortázar (mecánicos, camareiras...). Esta paisaxe urbana vainos permitir coñecer polo miúdo a emigración galega da Arxentina. *La vuelta al día en ochenta mundos* cun camareiro galego, Francisco, tamén aparece ben analizado. Porén, non son os únicos; na primeira novela do arxentino, *El Examen*, ou noutros libros de relatos como *Último Round* e un conto que alí aparece “Los Testigos” dan boa conta de máis galegos. En “Enfermeira de día” détemonos na análise da *galleguita* protagonista de “La Señorita Cora” de *Todos los fuegos el fuego*. Máis adiante, en “A lingua e os seus arredores” –a través de porteiros e condutores galegos, que deambulan polas rúas da capital porteña– analízanse referencias e alusións tanto á lingua de Rosalía como aos seus falantes. “Galegos de novela”, derradeira parte do bloque, volve de novo ás obras referidas con an-

terioridade; a *El Examen*, por exemplo, mais tamén a *Rayuela* ou a *62 Modelo para armar*. Polo tanto, esta parte envolve nunha unidade xeral toda a obra de Cortázar, na que aparece unha inmensa cantidade de galegos, en ocasións, co papel protagonista.

E, xa para rematarmos, chegamos á derradeira e a máis longa das partes, “Presenzas”. As primeiras seccións –“Simetrías” e “Variantes académicas”– comparten un núcleo común: *Doutros lados: capítulos sobre os contos de Cortázar*, proxecto e finalmente libro que, en 2006 e da man da profesora de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela Soledad Pérez-Abadín, levaron a cabo algúns alumnos, entre os que eu mesma me encontro. En “O lobo e as mandrágoras” coñecemos *No xardín das mandrágoras* onde Paco López-Barxas publica, entre outras, unha entrevista a Cortázar. Despois virá “O perseguidor”, onde se repasa o outono que en 2006 encheu Compostela de actos arredor da obra do arxentino celebrando que Aurora Bernárdez cedera o arquivo fotográfico á Xunta de Galicia. En “Arborizar” temos referencias e influencias de diferentes autores e intelectuais galegos para con Cortázar: Antonio García Teijeiro, Xosé Luís Méndez Ferrín, Vicente Araguas, Ramón Caride Ogando, Carlos Arias, Xelis de Toro, Suso de Toro, Gonzalo Navaza, Anxo Angueira, Dores Tembrás, Camilo Franco, Xavier Queipo, Claudio Rodríguez Fer, Yolanda López López, Rubén Ruibal, César Candelas, Xesús Constenla Doce, Olalla Cociña, Agustín Fernández Paz, Miguel Mato Fondo, Berta Dávila, Eva Veiga, Anxos Sumai, Miro Villar, Malores Villanueva e Xavier Seoane. Todos eles recoñecen que se alimentan ou alimentaron do autor arxentino. E xa para rematarmos atopámonos cunha serie de textíños, uns máis longos ca outros, que podemos achar en “Sobremesas para ler de xeito conmemorativo”. Aí algúns dos autores e das autoras anteriores participan no libro que estamos a traballar, *O soño galego de Julio Cortázar*. Estes textos son: “Un home e unha muller” de Eva Veiga, “Chumpelados barolios” de Miguel Mato Fondo, “¿Encontraría a la Maga?” de Olalla Cociña, “No devalo” de Anxos Sumai, “No peto dunha americana” de Camilo Franco e,

xa por último, “Escoitando jazz con Cortázar” de Antonio García Teijeiro.

O libro conclúe, como non podía ser doutro xeito, cunha extensa listaxe de bibliografía, un índice onomástico e un álbum que, composto de doce fotografías, dá boa conta da segunda das viaxes que Aurora e Julio fixeran pola nosa terra. Amais, atopamos un retrato de M. Figueiras do noso protagonista. Todo isto axuda ao lector ou lectora a coñecer a razón de ser dos camiños dos nosos protagonistas, Cortázar e os galegos, ben sexa aqueles intelectuais amigos, ben sexa aqueles anónimos que, radicados na capital porteña, participaron ou non da forte actividade social daquel tempo. Polo tanto, os lectores batemos, como xa se explicou, cunha amalgama de historias que arrodearon a quinta provincia galega a mediados do século pasado cun nexo común, Julio Cortázar.

María CURROS FERRO

VV.AA. (2013): *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, nº 15. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

O número 15 de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, revista internacional de investigación fraseolóxica que ten como obxectivos propiciar a recolla e a investigación da fraseoloxía non só galega senón tamén universal en Galicia, así como contribuir á normalización do galego, está composto por cinco seccións: Estudos, Recadávivas, Recensións, Novas e Balance. A primeira delas consta dun total de quince artigos, adicados a distintos eidos da fraseoloxía e a paremioloxía en 18 linguas, tanto da Península (galego, portugués, asturiano, aragonés, español, catalán e vasco) como doutros países europeos (véneto, romanés, bretón, gaélico, inglés, alemán, grego, polaco, ruso, finés e húngaro).

Á historia da fraseoloxía adícase o estudo de Josefina Velasco Menéndez; en concreto, á investigación da fraseoloxía rusa, dende os seus inicios ata mediados do século XX.

O campo da paremioloxía conta con tres expoñentes: as análises de Carlos Alberto Crida

Álvarez (“Na procura do mínimo paremiolóxico grego”), de Sevilla Muñoz e Marina García Yelo (“A elaboración dun corpus paremiolóxico por francófonos nativos”) e de María Rosario Soto Arias (“Notas para un estudo dos refráns haxiocronolóxico”).

As locucións son o obxecto dos traballos de Jorge Leiva Rojo (sobre a tradución das locucións adverbiais no italiano, alemán e español, a través dun texto do rexistro coloquial), Manuel Martí Sánchez (sobre a diferenza entre conxuncións e conectores no ámbito da fraseoloxía) e Ana María Ruiz Martínez (sobre a marcación diafásica das locucións en español).

No campo da fraseoloxía bilingüe sitúanse o estudo de Silverio Cerradelo e Estevo Valls, que pretende contribuír á elaboración dun futuro dicionario bilingüe galego-catalán, sinalando correspondencias fraseolóxicas entre estas dúas linguas, e o de Francisco Núñez Román, que indaga na posición que ocupan as unidades fraseolóxicas rexionais dentro do sistema fraseolóxico, nun territorio plurilingüe como é Italia.

Os artigos de Ana María Ramos Sañudo, Xesús Ferro Ruibal e Carmen Navarro e Elena Dal Maso xiran arredor da semántica. O primeiro analiza a fraseoloxía do “dicir” en francés; o segundo se centra nos estereotipos negativos que se transmiten nos fraseoloxismos galegos e doutras nove linguas; e o terceiro é unha achega, a través dun enfoque cognitivista, á metáfora plantosémica en español e italiano.

Outra área de estudo presente neste volume é a fraseodidáctica. Carola Strohschen investiga a presenza e sistematización da fraseoloxía no ensino de idiomas, analizando tres manuais de alemán como lingua estranxeira para adultos de nivel B1; mentres que Larissa Timofeeva incide no desenvolvemento de certas competencias lingüísticas na aprendizaxe dunha segunda lingua a través da fraseoloxía, como elemento propio da comunicación verbal.

Na seguinte sección deste número da revista, atópanse tres escolmas: a primeira, a cargo de María Victoria Cerviño Ferrín, presenta expresións fraseolóxicas recollidas en Sebil